

BASES REGULADORAS DOS PREMIOS ENTROIDO 2024

1.- Obxecto da convocatoria

Regulación dos premios con motivo do entroido do ano 2024

2.- Crédito orzamentario

Destínase un crédito máximo de 3.225,00 € que se imputará á aplicación 338.226.09 do orzamento de gastos do ano 2024, para os premios aos participantes no desfile de Entroido, repartidos da maneira que segue:

INDIVIDUAL

1º Premio..... 80,00 euros

2º Premio..... 55,00 euros

3º Premio..... 40,00 euros

PARELLAS

1º Premio..... 110,00 euros

2º Premio..... 80,00 euros

3º Premio..... 55,00 euros

GRUPOS

1º Premio..... 180,00 euros

2º Premio..... 125,00 euros

3º Premio..... 100,00 euros

COMPARSAS

1º Premio..... 300,00 euros

2º Premio..... 275,00 euros

3º Premio..... 225,00 euros

PREMIO ESPECIAL 100,00 euros

PREMIO COMPARSAS DO CONCELLO.....150,00 euros/comparsa



3.- Participantes

Os participantes formarán parte dun desfile que sairá de detrás do Edificio Multiusos e percorrerá as rúas de Santa Lucía.

Deberán estar na posición de saída antes das 17:00 horas.

Os participantes poderán inscribirse nas seguintes categorías:

- a) Individual
- b) Parella: agrupación de dúas máscaras.
- c) Grupo: agrupación de entre 3 e 9 máscaras.
- e) Comparsa: agrupación de 10 ou máis máscaras.

As comparsas que estean formadas por 15 ou máis membros empadroados no Concello de Moraña, terán unha axuda de 150 euros sólo por participar.

Ao premio especial optan tódolos participantes no desfile. Dito premio será outorgado ó disfraz máis simpático.

4.- Procedemento.

Para participar no desfile de entroido deberán solicitar a inscrición na Biblioteca Pública, ou a través da sede electrónica do Concello de Moraña.

O prazo de presentación de solicitudes para de todos os participantes no desfile para optar a premio, será dende o día 25 de xaneiro ata o 08 de febreiro de 2024.

No momento de formalizar a inscrición farase constar:

- O nome da comparsa, grupo, parella ou individual e a modalidade na que participa.
- Número de membros, no caso de grupos ou comparsas.
- Nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono do representante.
- No caso das Comparsas de Moraña, relación de membros censados no concello.

No momento da entrega de premios, o xurado requerirá ao premiado a súa identificación. No caso de ser menor de idade, deberá identificarse o seu representante legal.

O día do desfile entregarase un xustificante do premio, que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello, para proceder ao pago mediante transferencia bancaria. O nome do premiado/a deberá coincidir cos datos dun dos titulares da conta bancaria.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A





A entrega dos xustificantes dos premios no concello, deberá facerse antes de 20 días naturais, contados a partir do día do desfile. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio.

5.- Xurado

O xurado estará formado polos membros da Comisión de Cultura, Educación e Turismo e representantes de catro asociacións rexistradas no Concello de Moraña.

Estará situado na Rúa 5 de Santa Lucía.

O fallo do xurado será inapelable.

A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases.

6.- Circunstancias excepcionais

No caso que as condicións climatolóxicas adversas non permitan a celebración do desfile, a entidade organizadora resérvase os seguintes supostos:

- Trasladar o desfile para a Rúa 7 de Santa Lucía (Pavillón dos Deportes).
- Trasladar o desfile para o domingo 25 de febreiro.
- Suspende o desfile.

7.- Publicidade.

As bases publicaranse no Tablón de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Moraña, no BOP a efectos da publicación da convocatoria na Base de Datos do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e na páxina web do Concello.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A





ANEXO I

SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO DE MORAÑA

MODALIDADE NA QUE PARTICIPA:

Individual Parellas Grupos Comparsa

Comparsa de Moraña

DATOS DO DISFRAZ

Nome:

Número de compoñentes:

DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Dirección:

C.P. : Localidade:

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos:

NIF:

Teléfono:

Relación coa entidade:

e-mail:

Moraña, de febreiro de 2024

Asdo.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A





NOME DA COMPARSA:

[illegible]

Asdo





ENTROIDO 2024

Don/Dona

DNI

En representación do disfraz

Solicita lle sexa ingresado no número de conta:

a cantidade de xxx,xx euros, correspondente ó xx premio na categoría de xxxxxxxxxxxxxxxx, no Concello de Moraña.

Asimesmo, o abaixo firmante declara:

Atoparse ao corrente coas súas obrigacións co Concello de Moraña

Atoparse ao corrente coas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Moraña, de febreiro de 2024

Asdo.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442

N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

